

A AELG quere levar a celebración de Rosalía ao máximo número de centros de ensino pola vía das TIC

xoves 21 de febreiro do 2013, por [Fernando Sarasqueta](#) |

[Compartir](#) |



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) vai desenvolver arredor do 24 de febreiro, [como vimos avanzando nesta web](#), unha serie de actividades para conmemorar a figura de Rosalía de Castro, entre as que se conta unha acción colectiva que nos colle de preto: unha lectura colectiva de *Cantares Gallegos* e a súa achega en varias quendas á Rede ([a primeira achega xa está dispoñíbel en múltiples vídeos coa nosa cativada como protagonista](#)). Cómpre lembrar que

a devandita xornada conmemórase o Día de Rosalía de Castro, xa que é a data do seu nacemento. Asemade, dáse a circunstancia de que tamén se fan 150 anos da publicación da dita obra de seu, *Cantares Gallegos*. Como lembraremos, trátase do primeiro libro íntegro monolingüe do renacemento da nosa literatura culta. Con este motivo, os actos previstos tentarán proxectar a figura e obra rosaliana nos diferentes sectores sociais, sendo as actividades ligadas coas TIC as que probablemente máis firmes conexións establezan coa nosa rapazada e mocidade. Nesta liña insírese a celebración o día 22 nos nosos centros de ensino, a raíz dunha proposta da AELG, de novas lecturas e gravacións audiovisuais de *Cantares gallegos* por parte do alumnado, que serán escolmadas e subidas á Internet, para engadirse ás que xa están dispoñíbeis. “*A iniciativa*”, sinala a asociación, “*tivo tan boa acollida que foron xa 90 os centros que están achegando os froitos do seu traballo, que xa se está recompilando desde o espazo web da asociación*”. A estas propostas tamén se uniron os concellos de Pontevedra e Fene (promovendo actos o día 22 de febreiro), así como a Asociación de amigos do viño da Ribeira Sacra que organiza en Monforte, na Galería Sargadelos, unha lectura de *Cantares Gallegos* ás 20:15.

O sábado 23 proseguen as celebracións. Así, en Bruxelas, A Coruña, Lugo, Ferrol, Santiago de Compostela, Madrid, Cangas, A Pobra do Caramiñal, A Rúa de Valdeorras, Noia, Ribeira, haberá recitais acompañados da lectura dun manifesto elaborado pola AELG. Tamén en Fene haberá un recital promovido desde o Concello. Finalmente, o domingo 24, ás 12:00, no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG desenvolverá un acto nacional onde serán lidos poemas de *Cantares Gallegos*, ademais da realización dunha ofrenda floral. Tamén o domingo haberá recitais en Fisterra, Bos Aires e Allariz.

Un dos obxectivos da AELG é institucionalizar ese Día de Rosalía de Castro como unha xornada de celebración da nosa literatura promovendo entre a cidadanía o agasallo dun libro en galego e unha flor. Para máis información do que está a acontecer diariamente con motivo deste festexo, cómpre visitar [o apartado específico da web da asociación](#).